

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 14 DE MARZO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Catorce de Marzo do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 07/03/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/104

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/03/2024. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE -HORTA DO CURA- E MELLORA DA ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO (PALMEIRA)""

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/122

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 06/03/2024. DECRETO: "Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do



contrato para executar as obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO (AGUIÑO)""

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/145

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 07/03/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS DO CONTRATO DO SERVIZO DENOMINADO "CONTRATO DE SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA"

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/196

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/03/2024. DECRETO: "Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de "RENOVACIÓN DA PRAZA ESTUDIANTES (RIBEIRA)"

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/197

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/03/2024. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "CUBERTA TÉXTIL DE PARQUE INFANTIL DAS ABESADAS (RIBEIRA)""

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/198

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/03/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LA RENOVACIÓN DE LA RED DE SWITCHING MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA"

8.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/199

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/03/2024. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLO LICITADOR "IDOM INGENIERÍA Y CONSULTORÍA, S.A." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE DIRECCIÓN TÉCNICA DAS OBRAS DE MELLORA E RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO, INCLUÍDAS NA FASE I DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO INTEGRAL DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EXTERIOR NO CONCELLO DE RIBEIRA""



9.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202403/200

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/03/2024. DECRETO: “Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “RENOVACIÓN DA REDE DE AUGA POTABLE NA RÚA DO BARREIRO (PALMEIRA)”

10.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 12/03/2024 (Registro de entrada nº 6.204), no que solicita autorización para a instalación duns postos (3,00 m.) de venda ambulante (rosquillas), no Adro da Igrexa de Palmeira, o día 24/03/2024, no Malecón de Ribeira, os días 28, 29, 30 e 31/03/2024, e na Praza da Porta do Sol de Ribeira, o día 28/03/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación duns postos (3,00 m.) de venda ambulante (rosquillas), no Adro da Igrexa de Palmeira, o día 24/03/2024, na Avenida do Malecón, os días 28, 29, 30 e 31/03/2024, e na Praza da Porta do Sol de Ribeira, o día 28/03/2024.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** dos citados postos de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- ACORDO DE CANCELACIÓN AVAL/SEGURO DE CAUCIÓN - Nedgia Galicia, S.a. (3)

Nº EXPEDIENTE SWAL:	2017 LIC-000034
CONCEPTO GARANTIZADO:	REPOSICIÓN PAVIMENTO COUSO-
Nº AVAL/SEGURO CAUCIÓN:	R.E.A. Nº 01820000904085
IMPORTE:	6.528,12 €
ENTIDAD AVALISTA:	BBVA
DEPOSITANTE:	NEDGIA GALICIA, S.A.
NIF DEPOSITANTE:	A15383284
Nº OPERACIÓN CONTABLE DEPÓSITO:	2017 33005987

LOGO DE VER a solicitude de cancelación de aval/seguro de caución constituído a favor deste concello que figura no encabezado de data 14/07/2022

E DE VER o informe favorable á súa devolución/cancelación da técnico municipal UXÍA LANDEIRA PEREIRA de data 21 DE NOVIEMBRE DE 2023.

Dada conta pola Tesouraría municipal da inscrición da devandita garantía coma pendente de devolución no Rexistro contable de avales e depósitos.



Vista a proposta resolución emitida ao respecto polo Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 29/02/2024, e de conformidade co acordo de delegación de competencias efectuado á Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1º) Autorizar a cancelación do aval/seguro de caución que figura no encabezado desta proposta.

2º) Notificar o presente acordo ao interesado, apercibíndolle que no suposto de que a garantía fose depositada na Tesouraría municipal en documento físico e desexase retirar o orixinal, deberá persoarse por sí ou por representante debidamente autorizado nas oficinas da Tesouraría municipal para proceder ao seu retiro, previo aviso con unha antelación mínima de dous días hábiles.

3º) Dar conta do presente acordo á Tesouraría municipal.

12.- ACORDO DE CANCELACIÓN AVAL/SEGURO DE CAUCIÓN – Nedgia Galicia, S.A. (4)

Nº EXPEDIENTE SWAL:	2018-COMU000109
CONCEPTO GARANTIZADO:	REPOSICIÓN PAVIMENTOS OBRA APLIACIÓN RED Y ACOMETIDA LG.MÁMOA
Nº AVAL/SEGURO CAUCIÓN:	R.E.A. 368.628
IMPORTE:	6.687,20€
ENTIDADE AVALISTA:	ABANCA Corporación Bancaria S.A.
DEPOSITANTE:	NEDGIA GALICIA, S.A.
NIF DEPOSITANTE:	A15383284
Nº OPERACIÓN CONTABLE DEPÓSITO:	2018 33006072 19/07/2018

LOGO DE VER a solicitude de cancelación de aval/seguro de caución constituído a favor deste concello que figura no encabezado de data 14/07/2022.

E DE VER o informe favorable á súa devolución/cancelación da técnico municipal UXÍA LANDEIRA PEREIRA de data 21/11/2023.

Dada conta pola Tesouraría municipal da inscrición da devandita garantía coma pendente de devolución no Rexistro contable de avales e depósitos.

Vista a proposta resolución emitida ao respecto polo Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 29/02/2024, e de conformidade co acordo de delegación de competencias efectuado á Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1º) Autorizar a cancelación do aval/seguro de caución que figura no encabezado desta proposta.

2º) Notificar o presente acordo ao interesado, apercibíndolle que no suposto de que a garantía fose depositada na Tesouraría municipal en documento físico e desexase retirar o orixinal, deberá persoarse por sí ou por representante debidamente autorizado nas oficinas da Tesouraría municipal para proceder ao seu retiro, previo aviso con unha antelación



mínima de dous días hábiles.

3º) Dar conta do presente acordo á Tesouraría municipal.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Queda sobre a mesa, pendente de que se proceda á comprobación do orzamento presentado para comprobar que se axusta realmente ás obras a realizar, o seguinte expediente de obra menor:

830 10.01.2024 JUAN MANUEL OLVEIRA SAMPEDRO, renovación de carpintería exterior de aluminio, na Avda. Constitución, nº 5, 1ºH, Ribeira.

Condicionantes: As carpinterías deberán manter as características esenciais das actuais, mantendo tipoloxía, material, despece e cor, para manter unha imaxe unitaria á edificación.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3297 08.02.2024 ISIDRO PERNAS RODRÍGUEZ, cambio bañeira e taza váter, na rúa do Norte, 127, Palmeira.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Queda sobre a mesa, pendente de que se proceda á comprobación do orzamento presentado para comprobar que se axusta realmente ás obras a realizar, o seguinte expediente de obra menor:

19188 21.08.2023 JOSÉ LUIS HERMO BRIÓN, renovación de cuberta, na rúa Correos, 4, Ribeira.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

29671 27.12.2023 ASESORIA BENY GARCÍA, S.L., EN REPRESENTACIÓN DE COMUNIDAD PROPIETARIOS EDIF. CAROLINAS, 4, mantemento de fachadas, no Paseo das Carolinas, nº 4, Ribeira.



17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Alberto Gómez González

Visto o escrito presentado por **José Alberto Gómez González**, de data 19/02/2024 (Registro de entrada nº 4.108), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 3444544NH0134N0001HI e sita na Rúa do Vilar nº 21, Palmeira, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/03/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 3444544NH0134N0001HI e sita na Rúa do Vilar nº 21, Palmeira, Ribeira.

18.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Manuel Rubianes Viqueira

Visto o escrito presentado por **Manuel Rubianes Viqueira**, de data 04/01/2024 (Registro de entrada nº 359), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 002400500MH90H0001ZY, situada en Lugar Punta da Barca, parroquia de Aguiño, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Diego Hermida Varela, de data 12/03/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: Manuel Rubianes Viqueira

02.DATOS DA PARCELA

Localización: Lgar. Punta da Barca, parroquia de Aguiño, Ribeira.

Ref. Catastral: 002400500MH90H0001ZY

Plano do PXOM: Planos nº 2.11 e 8.41 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0407 do PBA

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 4.01.2024, obtén rexistro de entrada (RE.: 2024359), unha solicitude de información urbanística con respecto da parcela coa referencia catastral 002400500MH90H0001ZY.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME



O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para a que solicita información atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **SÓLO DE NÚCLEO RURAL EN ÁREAS POUCO CONSOLIDADAS SNR-C**, plano 8.41 do PXOM, TRANSPORTO.

De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais, aplicaráselle o disposto integramente no planeamento, agás no que se refire a edificacións tradicionais, ás que lle será de aplicación o disposto no art. 40 LSG.

Engade o RLSG, na súa Disposición Transitoria Segunda, apdo. 2 c), que serán de aplicación as maiores limitacións establecidas no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será en todo caso o disposto nos arts. 36 a 40 do RLSG.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 135: Norma del suelo de núcleo rural poco consolidado.

SNR-C - Definición. Norma zonal S.N.R.-C

Comprende esta norma zonal aquelas áreas en las que existen indicios de residencia agraria y que con objeto de que se integren en el ámbito del núcleo rural existente, se limitan sus posibilidades de desarrollo denso, pudiendo admitirse su edificación en baja densidad de forma que no se pueda generar otro núcleo de población.

Ámbito

El ámbito está definido en los planos de ordenación de los distintos núcleos.

El objeto fundamental de esta ordenanza es la conservación de la parcela, el tipo de edificación y los elementos de la jardinería existentes.

Obras admisibles

Serán obras preferentes las de:

Conservación

Consolidación

Rehabilitación

Restauración

Ampliación

Obra nueva.

Usos globales característicos, compatibles y prohibidos

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar

Usos admisibles: además del uso característico sólo se admitirán los terciarios que tengan relación de dependencia directa con el uso principal tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y agrícolas, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva conservándose la parcela y el tipo de edificación.

Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria será la de vivienda unifamiliar aislada. Se mantendrá el tipo de edificación existente en el entorno, no permitiéndose tipologías edificatorias ajenas a la estructura del núcleo.

Parámetros de la edificación

Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 800 m2. no permitiéndose la ocupación de parcelas que no superen esta superficie, pero se permitirá computar aquellas partes de la parcela que estuviesen dentro de otro tipo de suelo rústico. No obstante la posición de la edificación quedará enteramente dentro del área de esta norma



zonal.

Frente mínimo: Será de 10 m.

Condiciones de ocupación

Posición: La posición de la edificación quedará retranqueada:

Respecto a los linderos 3 metros, se permitirá adosar a linderos en los casos en los que exista edificación anterior a la publicación de esta normativa, o bien, previo acuerdo con los colindantes exigiendo documento que lo acredite.

La alineación serán las líneas de cierre según la vía resultante de ordenación del sistema viario del término municipal.

Ocupación máxima en la parcela: La ocupación máxima será del 25 % de la parcela total y con el límite de 200 m². construidos por planta.

Condiciones de edificabilidad.

Edificabilidad máxima: 0,35 m²/m²

Altura de la edificación

Número plantas: bajo + una, permitiéndose la utilización del bajo cubierta, computando edificabilidad todos aquellos especiales de altura superior a 1,50 m. Se permite además la construcción de planta sótano.

Altura máxima de cornisa: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 sobre el último forjado.

Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Solo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro.

En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 80 % de su superficie.

Balcones: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelos permitido con balcones y terrazas. En el resto de los caso su dimensión máxima será de 0,6 m.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación a partir de 30 m². Siempre en una solo planta, con una altura máxima de 3 metros.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,3 metros.

Condiciones ambientales y estéticas.

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.


Aparcamientos.

Se exigirá la creación de un aparcamiento, dentro del terreno de la propia parcela, por cada vivienda,

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800137B3300C4H9Q3H0H9Y4 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024</p> <p>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024</p> <p>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04</p>	<p>DOCUMENTO: 20241276723</p> <p>Fecha: 18/03/2024</p> <p>Hora: 11:01</p>
---	---	---



con acceso desde la vía rodada, pudiendo estar cubierto o no.



Plano nº 8.41 do PXOM. SÓLO DE NÚCLEO RURAL EN ÁREAS MEDIO CONSOLIDADAS SNR-B.
TRANSPORTE.

Inclúense tamén, a continuación, as normas xerais para o solo de núcleo rural recollidas no artigo 132 do PXOM.

Artículo 132: Normas generales

Cesiones

Quando se pretenda construír novas edificacións o substituír as existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente al ayuntamiento los terrenos necesarios para la regularización del viario.

Siempre que sea necesario proceder al ensanchamiento, apertura o mejoras de las vías de acceso existentes en el suelo de núcleo rural, en áreas no consolidadas por la edificación estos deberán tener un ancho mínimo de 8 metros y en todos los casos, como mínimo, las nuevas construcciones o cierres, deberán retranquearse 4 metros del eje de la vía pública a que den frente.

En caso de ejecución de Planes Especiales de mejora de los núcleos rurales, se estará a lo dispuesto en el artículo 75.5 de la Lei do solo de Galicia.

Para los efectos de edificación todo terreno contará cuando menos con agua, energía eléctrica y evacuación de aguas residuales (colectiva o no). De no existir estos servicios, su obtención irá pareja a la construcción de la edificación. La colocación de toda fosa séptica se hará a 30 m. de cualquier pozo de agua.

Servicios urbanísticos

La conexión con los servicios urbanísticos existentes en el núcleo rural, para las nuevas edificaciones serán ejecutadas a costa de los promotores de las mismas.

De acordo co disposto na Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais, aplicaráselle o disposto integramente no planeamento, agás no que se



refire a edificacións tradicionais, ás que lle será de aplicación o disposto no art. 40 LSG. Sinala Catastro que a edificación principal ten data de construción de 1965 e achéganse por parte do interesado documentos entre os que se atopa a licenza de construción dunha vivenda do ano 1969. De acordo co sinalado corresponderíase cunha edificación tradicional, reguladas polo artigo 40 da LSG:

“1. Las edificaciones tradicionales existentes en cualquier categoría de suelo de núcleo o de suelo rústico podrán ser destinadas a usos residenciales, terciarios o productivos, a actividades turísticas o artesanales y a pequeños talleres y equipamientos.

2. Previa obtención del título habilitante municipal de naturaleza urbanística, y sin necesidad de cumplir los parámetros urbanísticos aplicables excepto el límite de altura, se permitirá su reforma, rehabilitación y reconstrucción y su ampliación, incluso en volumen independiente, sin que la ampliación pueda superar el 50 % del volumen originario de la edificación tradicional. En cualquier caso, deberán mantenerse las características esenciales del edificio, del lugar y de su tipología originaria.

3. A los efectos de lo previsto en este artículo, se consideran edificaciones tradicionales todas las edificaciones existentes con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 19/1975, de 2 de mayo, de reforma sobre el régimen del suelo y ordenación urbana, con independencia de su tipología.

4. Lo previsto en este artículo se entenderá sin perjuicio de las previsiones establecidas en las normativas sectoriales que resulten de aplicación.”

Dada a configuración da parcela e a delimitación do solo de núcleo rural, créanse un par de superficies da mesma que se atopan en solo rústico, no seu vento sur. De acordo co PXOM de Ribeira **Solo Rústico Común**.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parte das parcelas que se atopan en solo rústico, atópase afectada polo contorno de protección do Porto da Covasa, recollido na cartografía do PBA, polo que haberá que outorgarlle, á parte clasificada como solo rústico, a categoría de solo **solo rústico de protección patrimonial**, recollida no artigo 34.2.h) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A totalidade da parcela atópase identificada como espazo de interese paisaxística polo POL, polo que haberá que outorgarlle, á parte clasificada como solo rústico, a categoría de solo **solo rústico de protección paisaxística**, recollida no artigo 34.2.g) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Na parte da parcela que se corresponde co solo rústico atópase situada unha construción auxiliar que non está dada de alta na cartografía do Catastro. A parcela conta con outra construción auxiliar no seu vento norte.

19.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a LUISA M^a CONSOLACIÓN ABALO MUÑIZ POLOS DANOS E LESIÓN SUFRIDOS POR MOR DUNHA CAÍDA NA RÚA DE LUGO. EXPEDIENTE 2023 RESP000003.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a LUISA M^a CONSOLACIÓN ABALO MUÑIZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800137B3300C4H9Q3H0H9Y4 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p>FIRMANTE - FECHA LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04</p>	<p>DOCUMENTO: 20241276723 Fecha: 18/03/2024 Hora: 11:01</p>
---	---	---



Primeiro.- O día 26 de abril de 2021, D^a Luisa M^a Consolación Abalo Muñiz, con DNI número 35.430.660-B, ía camiñando pola Rúa de Lugo, parroquia e municipio de Ribeira, cando, á altura da entidade bancaria que existe ó comezo da rúa, sufriu unha caída ó engancharse nunha gabia existente na citada rúa.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Abalo Muñiz tivo que ser atendida no Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron unha fractura de L3, precisando como tratamento a colocación dun corsé tipo Jewet e sesións de fisioterapia.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 23/11/2022 co número 2022 00022528, D^a Luisa M^a Consolación Abalo Muñiz, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando o abono dunha indemnización total de 77.537,18 euros, mais os xuros que legalmente correspondan, e que desglosa da seguinte maneira:

- Gastos de desprazamento ó Hospital da Barbanza: 560 euros.
- Gastos do tratamento farmacolóxico: 42,18 euros.
- Polo tempo invertido na súa curación (2 días de hospitalización, 365 días de prexuízo grave e 180 días de prexuízo moderado): 36.935 euros.
- Por secuela: 40.000 euros

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido pola Policía Local na data da caída.
- Informe realizado pola Policía Local na data 19/05/2023.
- Informe emitido na data 25/09/2023 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800137B3300C4H9Q3H0H9Y4 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20241276723
	LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04	Fecha: 18/03/2024 Hora: 11:01



ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimada a Sra. Luisa M^a Consolación Abalo Muñiz para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 26/04/2021 cando camiñada pola Rúa de Lugo, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación, que aconteceu na data 25/10/2022 segundo se acredita nos informes médicos que achega coa súa reclamación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de *“infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa*

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800137B3300C4H9Q3H0H9Y4 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p>FIRMANTE - FECHA LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04</p>	<p>DOCUMENTO: 20241276723 Fecha: 18/03/2024 Hora: 11:01</p>
---	---	---



titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. Abalo Muñiz. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba unha gabia na rúa pola que transitaba na data do accidente.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Ribeira, no seu informe emitido na data do accidente, dispón: “(...) el día 26 de abril de 2021, sobre las 11:05 horas, estando de servicio a pie en calle Galicia recibe aviso de un ciudadano, informando que se había caído una persona en calle Lugo. Una vez en el lugar se comprueba que hay unha señora sentada en una silla en calle Lugo, que se queja de un fuerte dolor en la espalda y está siendo atendida por varios ciudadanos. Se identifica a Luis M^a Abal Muñiz (...). Luisa María manifiesta que se había caído cuando caminaba por la calle y había enganchado en el alcorque con pavimento drenante y acolchado a la misma altura que el pavimento de la acera. Se hace constar el estado de deterioro, posiblemente por una mala colocación del mismo.”
- A Policía Local, en informe solicitado pola instrución, ditado na data 19/05/2023, afirma que:
“Que la titularidad de la calle Lugo pertenece al Concello de Ribeira. La calle Lugo es una calle señalizada como vía residencial, señal vertical S-28 (ver fotografía nº 1) en la que la acera se encuentra al mismo nivel que la zona de tránsito de vehículos, pavimentada en hormigón en buen estado de conservación, con gran margen para el tránsito de los peatones, permitido por toda ella. No existe mobiliario urbano a excepción de varios alcorques situados en los márgenes derecho e izquierdo de la calle, los cuales apenas entorpecen el tránsito de los peatones.
Que se tuvo constancia de los hechos sobre las 11:05 horas del día 26 de abril de 2021, mediante aviso verbal de un ciudadano, cuando prestaba servicio a pie en la calle Galicia, comunicando que se había caído una persona en la calle Lugo y que requería asistencia, de lo cual se instruyó informe sobre caída de una persona en vía pública, ratificándome en lo expuesto en el citado informe y del cual se adjunta copia.
Tras realizar comprobaciones en el archivo policial, no se tiene constancia de avisos o quejas del estado del alcorque de la calle Lugo.
El alcorque referenciado se encontraba en regular estado de conservación, con un deterioro aparente del relleno de caucho compactado colocado alrededor del árbol ornamental, al encontrarse hundido por varias zonas (ver fotografía del informe) y que al no estar al mismo nivel que el hormigón, pudo provocar el enganchón al pasar por el lugar.
Tras la inspección ocular de la zona, se determina que el alcorque está destinado a la colocación de un árbol ornamental y no forma parte de la zona destinada para el tránsito de peatones, pero al encontrarse al mismo nivel que el pavimento, se puede transitar por el.”



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241276723
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024		Fecha: 18/03/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024		Hora: 11:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04		



- No departamento de obras públicas do Concello non se tivo constancia do accidente, e respecto ao estado da rúa a enxeñeira municipal en informe realizado na data 25/09/2023 dispón o seguinte:

“(…) En la mencionada Rúa de Lugo se procedió a la realización de la obra denominada “Pavimentación de un tramo de Rúa Rosalía de Castro y Rúa de Lugo”, promovida por este Concello. La mencionada obra consistió en la sustitución del pavimento existente de asfalto y hormigón por granito y hormigón coloreado. Las fechas de realización de las obras fueron las siguientes: inicio el 20/05/2019 y finalización el 18/12/2019. A su remate se procedió a la plantación de árboles en los alcorques correspondientes.

El lugar de la caída sufrida por la Sra. Abalo Muñiz se encuentra, por lo tanto, en una calle con un pavimento nuevo, en buen estado, y que se ha peatonalizado tras las obras realizadas, pudiendo circular solamente vehículos autorizados, y con un amplio margen para transitar por la misma, ya que se trata de una calle ancha, con aceras a la misma cota que la calle y, a excepción de los alcorques con sus correspondientes árboles y una señal de tráfico al inicio de la calle indicando su carácter peatonal y limitando la circulación de vehículos a los autorizados, no existe ningún otro mobiliario urbano que disminuya o limite la zona destinada a su tránsito. Así puede apreciarse en la fotografía que se incluye en el informe realizado en fecha 19/05/2023 por la Policía local y que también se adjunta a este informe.

En relación a los alcorques, es importante precisar que estos son un elemento urbano para limitar el espacio natural en un entorno pavimentado para acondicionar un espacio para la plantación de un árbol o arbusto. El concepto como tal, es el agujero en sí, aunque suele asociarse con el material que envuelve el hueco del árbol en sí. No forman parte del espacio destinado al tránsito de los peatones, sino que puede entenderse que forman parte del mobiliario urbano con la finalidad expresada.

Los alcorques existentes en la Rúa de Lugo tienen unas dimensiones aproximadas de 50 x 50 centímetros, por lo que son perfectamente visibles por los viandantes. Están formados por una capa de tierra y en su capa superficial por una mezcla homogénea a base de caucho y pegamento de resina, formando un pavimento acochado que está enrasado con la vía (cota +0,00mm) y están colocados en los márgenes derecho e izquierdo de la calle, con el fin de dejar el mayor espacio posible para el tránsito de las personas.

En relación al alcorque en el que la Sra. Abalo Muñiz dice haber tropezado, y observando la fotografía tomada por la Policía local en su informe realizado la fecha de la caída (26/04/2021), se aprecia que el pavimento de caucho del mismo no estaba totalmente enrasado con la vía sino que en algunos de sus extremos el pavimento se ha ido hundiendo, pudiendo provocar una diferencia de cota de menos de 10/15 mm. Lo que no se considera un obstáculo en la vía pública por dos motivos: primero por la escasa entidad de la diferencia de cota y segundo porque dicho alcorque no forma parte de la zona destinada al tránsito de peatones.

En este departamento no constan quejas sobre el estado de la Rúa de Lugo.”



- Na instrución do expediente resolveuse practicar proba testemuñal, con comunicación á interesada, co fin de existir testemuñas do sucedido, facilítase os datos precisos para a súa citación, achegando un escrito a reclamante, rexistrado de entrada na data 08/06/2023 co número 2023 00014035, no que afirma que non recorda as persoas que se atopaban no lugar da caída, e que no caso de aparecer algunha testemuña que o poría en coñecemento do Concello.

Da análise das probas referidas, o primeiro que compre sinalar é cómo do actuado no expediente non resulta probado que a caída da interesada tivera lugar no punto e da maneira que ela referiu, xa que non hai constancia de que alguén presenciase o suceso, sendo así que a carga da proba da conexión causal do dano co funcionamento do servizo público corresponde á parte reclamante.

Pero, aínda dando por certo que a caída tivera lugar no punto e polas causas denunciadas pola reclamante, tampouco podería prosperar a súa pretensión indemnizatoria. Neste punto hai que recordar a regra xeral segundo a cal é esixible ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é quebrada, por introducirse, neste caso, un elemento estraño na relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que, cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como ten establecido a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

O control da propia deambulacón non pode, non obstante, ser elevado a regra absoluta e categórica á hora de excluír unha eventual responsabilidade da Administración; a súa pretendida incondicionalidade, antes ben, vese necesariamente modalizada polo xogo do principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías e beirarrúas polas que transitan. Deste modo, a constatación dun inadecuado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixible dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlace o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Non é isto o que ocorre no presente suposto, como resulta do informe da enxeñeira municipal, o lugar da caída atópase nunha rúa cun pavimento novo, en bo estado, e cun amplío marxe para circular sen necesidade de verse forzado a circular sobre o punto destinado á colocación dunha árbore, que por certo resulta claramente visible polas súas características.

Deste modo, establecida a orixe do incidente na esfera de imputabilidade da vítima, apreciase a existencia dun feito estraño que interfire no nexo de causalidade, impedindo que este vincule o funcionamento do servizo público co dano padecido, e determinando, polo tanto, a procedencia da desestimación da reclamación presentada.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 15/02/2024, e **visto** o Dictame favorable á proposta de resolución desestimatoria, nº 94/2024 de data 06/03/2024, emitido ao respecto polo Consello Consultivo de Galicia, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por **D^a Luisa M^a Consolación Abalo Muñiz**, polas lesións sufridas por mor dunha caída ocorrida na data 26/04/2021, polos motivos e fundamentos antes expostos.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800137B3300C4H9Q3H0H9Y4 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p>FIRMANTE - FECHA LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04</p>	<p>DOCUMENTO: 20241276723 Fecha: 18/03/2024 Hora: 11:01</p>
---	---	---



20.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a ARANZAZU FERNÁNDEZ BAZ, POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 8663 HNG OCASIONADOS Ó BATER CONTRA O MESMO O PORTAL DO COLEXIO DE CARREIRA. EXPEDIENTE 2023 RESP000010.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a ARANZAZU FERNÁNDEZ BAZ** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 01 de febreiro de 2022, D^a Aranzazu Fernández Baz, con DNI número 52.939.476-P, tiña o seu vehículo marca Kia, modelo Sportage 1.7, matrícula 8663-HNG, estacionado diante do portalón do Colexio Plurilingüe de Carreira, sito na Rúa do Pe do Corniño, s/n, da parroquia de Carreira, do municipio de Ribeira, cando, de súpeto, por mor do vento que facía ese día, as portas do colexio bateron contra a porta dianteira esquerda do mencionado automóbil.

Segundo.- Como consecuencia do accidente, o vehículo da Sra. Fernández Baz resultou danado na porta dianteira do lado esquerdo.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 26/01/2023 co número 2.195, D^a Aranzazu Fernández Baz promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos polo mencionado accidente, solicitando unha indemnización de 221,87 euros mais os xuros que legalmente correspondan.

Co escrito de presentación da súa reclamación, achega a seguinte documentación:

- Informe de valoración de danos realizado pola entidade aseguradora Mapfre, polo importe de 221,87 euros.
- Permiso de circulación do vehículo accidentado.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 16/11/2023.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte da reclamante.

Si constan escrito de alegacións realizado pola entidade aseguradora do Concello de Ribeira, Mapfre España, no que dispón que non resulta acreditada a relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e os danos sufridos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-



Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241276723
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04		Fecha: 18/03/2024 Hora: 11:01



En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Fernández Baz para deducir a reclamación de indemnización dos danos que pretende por ser a titular do vehículo que resultou danado**, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde o sinistro.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular do colexio plurilingüe da parroquia de Carreira, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación do mesma.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos no vehículo propiedade da reclamante. Así se deduce do informe de valoración que achega a Sra. Fernández Baz.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos**.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira non tivo constancia do sucedido**. Así o fai constar en informe emitido na data 16/11/2023: *“(...) revisados los archivos policiales, le informo que no hay constancia alguna del suceso objeto de reclamación”*.
- **Non se emitiu informe do director do colexio**.
- **Non se presentan testemuñas do acontecido**.

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: **que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexo de causalidade, pois non resulta probado que os feitos sucederan tal e como relata a reclamante, sendo preciso recordar que as regras xerais sobre a carga da proba gravan á parte que reclama, impoñéndolle a demostración dos feitos que constitúen o vínculo causal entre o dano padecido e o servizo público ao que aquel se imputa**.

Deste xeito a ausencia de toda proba eficaz sobre o alegado pola reclamante, **impide considerar que está suficientemente demostrado o relato dos feitos realizado por aquela ao analizar o nexo de causalidade**.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 12/03/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Aranzazu Fernández Baz polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Francisco Rodrigo Fresco Triñanes (BAR PEQUENO)

VISTO o escrito presentado por **Francisco Rodrigo Fresco Triñanes**, en representación do establecemento “Bar Pequeno”, de data 08/03/2024 (Rexistro de entrada nº 6.012), no que



solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Pequeno” (Corrubedo), o día 16/03/2024, en horario de 22:30h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Francisco Rodrigo Fresco Triñanes**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Pequeno” (Corrubedo), o día 16/03/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Pequeno” (Corrubedo) (Francisco Rodrigo Fresco Triñanes), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión



sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”

- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241276723
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024		Fecha: 18/03/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024		Hora: 11:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04		



da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Aloha”, de data 11/03/2024 (Registro de entrada nº 6.137), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 16/03/2024, en horario de 22:00h. a 24:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 16/03/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante,



representante ou promotor/a de “Bar Aloha” (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800137B3300C4H9Q3H0H9Y4 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024</p> <p>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024</p> <p>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04</p>	<p>DOCUMENTO: 20241276723</p> <p>Fecha: 18/03/2024</p> <p>Hora: 11:01</p>
---	---	---



- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

23.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (CLANDESTINO)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Clandestino”, de data 11/03/2024 (Rexistro de entrada nº 6.138), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 23/03/2024, en horario de 22:00h. a 24:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 23/03/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.



5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Bar Clandestino" (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."*



CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

24.- AUTORIZACIÓN DE USO DE PARQUE MUNICIPAL NA RÚA RAFAEL DIESTE (RIBEIRA) – Antía Fontaiña Falque (“O Xardín Ventureiro”)

VISTO o escrito presentado por Dna. Antia Fontaiña Falque, DNI nº ***86****, directora de O Xardín Ventureiro no que expone que o pasado 6 de marzo de 2024 a Xunta de Galicia cominuouse con ela facendo referencia ó artigo 27D/ do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo cal se regulan que os centros de menores e atención á infancia cando se empregue como patio unha zona de uso comunitario, precísase a oportuna autorización do Concello, especificando una hora de uso exclusivo para os usuarios de dito centro. De non ter dita autorización, o peche da escola infantil “O Xardín Ventureiro” sería obrigatorio (Deixando así, un número máis elevado de familias sen praza nas escolas infantís, ademáis do peche dun negocio que leva anos no noso Concello).

VISTO que no devandito escrito Dna Antia Fontaiña Falque solicita facendo referencia ó acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de novembro de 2023 permiso de esa hora exclusiva, e propón a posibilidade de que sexa de 11 a 12 h da mañá (só en horario lectivo, cando o resto do día os cativos estarían escolarizados e non farían uso do mesmo).

A Xunta de Goberno Local, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía a través de resolución de 14 de xullo de 2023, **acorda** por unanimidade dos seus membros:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241276723
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2024		Fecha: 18/03/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2024		Hora: 11:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2024 11:02:04		



Primeiro:-Acceder ó solicitado e autorizar a Dna Antia Fontaiña Falque, en nome e representación da entidade “O Xardín Ventureiro”, o uso exclusivo como patio (so en horario lectivo) dunha zona de uso comunitario indicada en horario de 11 a 12 h da mañá.

Segundo:-A entidade “O Xardín Ventureiro” adoptará as medidas de seguridade que sexan necesarias para que ese uso exclusivo sexa efectivo.

Terceiro:-Comunicalo presente acordo á Policía Local e Concellería de Educación para a súa constancia e efectos.

Cuarto:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento.

Quinto:-Facultar tanto ó Sr.alcalde-presidente como á Sra. Concelleira Delegada de Educación para garantir a plena efectividade do presente acordo.

25.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA NAS INMEDIACIÓNS DO CPR PLURILINGÜE BAYÓN

Visto o informe con proposta de resolución presentado pola Policía Local, de data 12/03/2024, relativo á realización dunha serie de accións para mellorar a seguridade nas inmediacións do CPR Plurilingüe Bayón, sinalizando da maneira máis clara posible a saída de autobuses, así como facilitar o seu estacionamento e manobras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

A probar a proposta presentada pola Policía Local para realizar as accións necesarias (sinalización horizontal e vertical) para mellorar a seguridade nas inmediacións do CPR Plurilingüe Bayón, sinalizando da maneira máis clara posible a saída de autobuses, así como facilitar o seu estacionamento e manobras.

26.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN REGATA DE WINDSURF – Club Catro Ventos

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES

D. Juan Parada Fernández, en representación do “Club Catro Ventos”, presenta escrito de data 10-03-2024, con número de rexistro de entrada municipal 6.015, solicitando autorización para realizar unha regata de windsurf (regata que está incluída no calendario da Real Federación Galega de Vela), os días 20 e 21 de abril de 2024, na praia do Castro, na parroquia de Castiñeiras.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.



2. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
3. O interesado argumenta que ten solicitados os permisos pertinentes a Capitanía marítima, Portos de Galicia, Autoridade Portuaria de Vilagarcía e ao Parque das Illas Atlánticas.

Visto o informe emitido en sentido favorable polo Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 13/03/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** ao Club Catro Ventos, dentro das competencias municipais, a realización dunha regata de windsurf (regata que está incluída no calendario da Real Federación Galega de Vela), os días 20 e 21 de abril de 2024, na praia do Castro, na parroquia de Castiñeiras.

Esta autorización debe axustarse ás seguintes consideracións:

- O Concello de Ribeira non é competente para autorizar unha proba en dominio marítimo, polo que esta solicitude non exige aos organizadores de obter os permisos necesarios doutras entidades públicas ou privadas.
- No caso de ser autorizada esta proba, os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- Se ao final se accede ao solicitado, deberase comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA Pernoctación NO POLIDEPORTIVO “FIEITEIRA” – Asociación Camiño de Santiago “A Orixe”

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES

D. Marián Treus Romero, en representación da “Asociación Camiño de Santiago A Orixe”, presenta escrito de data 29-02-2024. con número de rexistro de entrada municipal 5.098, argumentando:

El domingo 24 de marzo de 2024 esperamos un grupo de 70 jóvenes “Peregrinación diocesana de juvenes en Semana Santa”. Peregrinación a Santiago por camino A Orixe.

Finalmente solicitan:

Solicitamos polideportivo da Fieiteira para pernoctar (duchas). Comenzarán el lunes 25 desde dicho lugar la etapa del camino que corresponde a Ribeira – Pobra.

CONSIDERACIONES LEGAIS E TÉCNICAS



1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Unha vez consultados os organizadores da actividade, indican que os participantes chegarían ao polideportivo da Fieiteira sobre ás 19.00 h. do domingo 24 de marzo e marcharían ás 8.00 h. do luns 25 de marzo (o departamento de deportes non ten actividade programada no intervalo solicitado).

Visto o informe emitido en sentido favorable polo Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 13/03/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** á “Asociación Camiño de Santiago A Orixe” a pernoctación no Polideportivo Municipal “A Fieiteira” do 24 ao 25/03/2024.

Esta autorización debe axustarse ás seguintes consideracións:

- A autorización será dende ás 19.00 h. do domingo 24 de marzo ata ás 8.00 h. do luns 25 de marzo de 2024.
- Poderán utilizar as duchas durante o período de autorización anteriormente sinalado.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes de espectadores e/ ou participantes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso das instalacións ou bens públicos.
- Uns días antes da actividade, os organizadores deberán poñerse en contacto co departamento de deportes do Concello de Ribeira para coordinar o uso da instalación.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

